

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 31 de xullo de 2014.**

ACTA Nº /2014

Na Casa do Concello de SILLEDA, ás vinte horas do día trinta e un de xullo do ano dous mil catorce, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuiña Fernández (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)

D^a Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)

D^a María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)

D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)

D^a María Jesús Penela Mato (PP)

D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)

D. José Luis Espiño Espantoso (PP)

D^a Marta López Arines (PP)

D. Luis Juan Arceo López (PP)

D. Manuel Asorey Suárez (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, secretario do concello, que da fe do acto.

NOTA: FAI CONSTAR O SECRETARIO QUE UN FALLO IMPREVISTO NO SISTEMA DE ELECTRÓNICO IMPEDIU A GRABACION, SEN POSIBILIDADE DE RECUPERACIÓN PLOS TECNICOS, POLO QUE NON PODEN TRANSCRIBIRSE LITERALMENTE AS INTERVENCIÓNS.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES.

Queda aprobada sen observación algunha a acta de Maio.

2.- FIXACION DAS FESTAS LOCAIS PARA O 2015.

Pola Alcaldía se propón como festas ocais para o 2015 os días de:

- 13 de Xullo do 2015, por mor da coincidencia da Festa da Saleta en sábado.
- 24 de Agosto de 2015 (Festa da Empanada)

INTERVENCIÓNS:

Voceiro PP: Que o seu grupo está dacordo

Voceiro Grupo Mixto: Dí que tén dúbidas, que o 19 de setembro estaba consolidado dende hai anos. Vale que cadre en sábado, nel só traballa parte da poboación. A administración local ten a obriga de que as festividades sexan cumpridas. Na reunión cos colectivos sobre as festas de Silleda pedíase que o festivo fose o venres, non o luns. Esta posibilidade xa xurdira falando cos colectivos da Bandeira. Que deberíase convocar os axentes culturais e sociais e darlle unha volta a isto. Os luns de resaca non son festa.

O Alcalde dí que está dacordo en abrir outra vez o debate popular. É certos que a Asociación de Amigos do Lacón prefiren que o festivo sexa o venres. Dí que non vai a ser él que cambie a orde dos festivos sen voltar a consultar ó pobo, e o sábado é festivo para a maioría da xente. Cando os grupos queiran vólvese a abrir o debate.

VOTACION E ACORDO:

12 a favor (6 PSOE e 6 PP)

1 abstención (BNG)

3.- DAR CONTA DO BALANCE DAS FESTAS PATRONAIS DO 2014 ORGANIZADAS POLO CONCELLO.

O Sr. Alcalde, logo de lembrar as circunstancias concretas de todos coñecida que obrigou a que nos fixeramos cargo do evento, sinala que todo transcurriu de xeito moi positivo en tódolos sentidos: boa organización, cre, participación da xente, as atraccións considera que tamén se conseguiu un bo nivel, axudou a Comisión da Festa do Lacón, os traballadores municipais dedicaronlle moitas horas que, aparte da compensación dos días entende que tamén se lles de be retribuír economicamente e, en definitiva, todo transcurriu ben, incluíndo o balance económico, xa que se contaba cun déficit que tería que pagar o Concello en torno aos 6.000 € , e vai a quedar en torno aos , e aínda falta algún ingreso comprometido. E para rematar cumpre poñer énfase en que os gastos repercutiron todos en Silleda, practicamente todos, a Banda de Música, os grupos de folck, etc.

Seguidamente pasa a ler o balance:

BALANCE ECONÓMICO FESTAS DE SILLEDA 2014.

INGRESOS

CONCEPTO	IMPORTE
Ingreso Anterior Comisión en CCC(27.06.14)	2.000,00 €
Ingresos Comisión de Festas en CCC	11.723,40 €

Ingresos particulares/empresas en CCC	870,00 €
Recadado postos e atraccións EN MAN	3.038,00 €
TOTAL	17.631,40 €

GASTOS

CONCEPTO	ESTADO	IMPORTE
Actuación ODAIKO. Banda Xuvenil	PAGADO	700,00 €
Actuación Charanga CHOURIZO CRIOLLO	PAGADO	1.150,00 €
Aluguer equipo de son e luces festival ROCK	PAGADO	726,00 €
Actuacións GRUPOS MUSICAIS e ORQUESTAS	PAGADO	6.500,00 €
Actuación BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA	PAGADO	2.400,00 €
Espectáculo de PIROTECNIA. Manuel Villanueva Meda	PAGADO	1.510,08 €
Actuación BANDA DE MÚSICA CULTURAL E RECREATIVA DE BANDEIRA	PAGADO	2.400,00 €
Actuación XIRANDOLA	PAGADO	1.000,00 €
Actuación CORAL POLIFÓNICA TRASDEZA	PAGADO	500,00 €
Horas Extraordinarias Chucho e José (recadación e organización)	PAGADO	1.500,00 €
Traballos de imprenta ARLIT	PAGADO	650,00 €
Actuacións grupos ROCK	PAGADO	400,00 €
Gastos varios (combustible e consumicións)	PAGADO	158,60 €
TOTAL GASTOS		19.594,68 €

**TOTAL GASTOS (19.594,68 €) - TOTAL INGRESOS (17.631,40 €) = DIFERENZA
1.963,28 €**

INTERVENCIÓNS:

Voceiro PP: Afirmo que é un problema que pasa tódolos anos. Hai que tratar antes de organizar as festas. É cousa de todos.

Voceiro Grupo Mixto: Discrepa co PP, en Silleda hai 33 parroquias ou ben corren os veciños coas festas ou se poñen dacordo entre algúns. Todas as parroquias dispoñen de alguén para facer as festas. As de Silleda non son nin as patronais nun as mais grandes, que a maioría dí que a súa festa é a Saleta. Aquí había a tradición de pagar as bandas por parte do Concello. O Concello non téñen que organizalas; o que pasa é que non hai disposición para promover as festas. Isto ten pasado en Refoxos (estivo 14 anos sen festas). Cando eu era adolescente houbo anos sen festas en Silleda. O Concello pode axudar, pero non organizar. Organizar algo en 10 días non é de recibo. Hai necesidades culturais e educativas que hai que cubrir.

O Alcalde comenta que houbo que facer cábalas. Das 2 persoas que estaban ó fronte, unha trouxo o diñeiro o primeiro día e da outra non se sabe se téñen pensado entregalo, xa que aínda non tivo oportunidade. Que se reuniu coas asociacións a finais do ano pasado que ver se alguén quería asumir as festas, e non quixo ninguén.. Este ano non había debate sobre se había ou non festas.

4.- MOCIONS.

4.1.- INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DERROGACIÓN DO APARTADO "C" DO ARTIGO 41, DA LEI 9/2013, DE 19 DE DECEMBRO, DO EMPRENDIMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA.

Dáse conta da Moción seguinte:

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE do Concello de SILLEDA, en aplicación do disposto no Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, presenta diante do Pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN relativa a INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DERROGACIÓN DO APARTADO "C" DO ARTIGO 41, DA LEI 9/2013, DE 19 DE DECEMBRO, DO EMPRENDIMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA, a fin de que sexa debatida e votada na sesión plenaria ordinaria correspondente ó mes de XULLO do 2014:

EXPOSICION DE MOTIVOS

As comisións de festas teñen sido historicamente en Galicia o instrumento que tradicionalmente teñen creado os veciños para organizar as festas das súas parroquias ou barrios. Calquera que tivera contacto con unha delas sabe o moito de esforzo e altruísmo que aportan seus compoñentes á hora de facer realidade as necesidades festivas dos seus pobos; sendo un exemplo claro de colaboración e participación cidadá á hora de atender demandas colectivas.

Neste contexto, o pasado día 27 de decembro, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2013, do 19 de decembro, denominada "do emprendemento e da competitividade económica de Galicia". Nesta disposición legal inclúese unha nova regulación para a concesión de licenza a determinadas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas, e ó seu tenor, no artigo 41, letra c) sinalase que será precisa a obtención de licenza para "a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles".

Este artigo afecta directamente, e dun xeito moi negativo, á labor que desenvolven as comisións de festas, que vense obrigadas a levar a cabo uns trámites administrativos complexos e custosos diante dos Concellos á hora de organizar, baixo criterios de estrita legalidade, as festas locais, o que dificulta a súa labor, xa de por si complicada.

Baste dicir que se lles obriga a presentar un proxecto, asinado por técnico competente, no que se determine o axuste das festas á normativa urbanística e sectorial, e que estableza determinacións sobre prevención e seguridade en incendios. Tamén teñen que presentar, entre outra documentación, plan de emerxencias, plan de auto protección, estudo da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria. (art. 42 da sinalada lei),

Nin que dicir ten que, a Xunta de Galicia ó impoñer estas obrigas, manifesta o seu descoñecemento da realidade das festas parroquiais e de barrio no noso País, así como do xeito de organizarse e traballar das comisións veciñais de festas, e pon en moi serio perigo a continuidade destes actos festivos populares.

Mais alá deste inxente prexuízo ós cidadáns, non é menor o que se lle causa ós sectores profesionais que se moven ó seu redor: orquestras e grupos musicais, axentes de espectáculos, feirantes, empresas de atraccións de feira, hostalaría local, etc.

Esta é unha clara mostra dunha disposición legal innecesaria que, como nos ten acostumados a Xunta de Galicia con moitas das súas normas, non só non resolve problema algún, senón que directamente crea un de enorme transcendencia.

Por último non podemos menosprezar os efectos negativos que xera esta norma a gobernos municipais e ás súas estruturas administrativas, que se están vendo obrigados a aplicar unha disposición a todas luces innecesaria e impopular, cargándose, en tempos de penuria das arcas municipais, de mais traballo e custes.

Por todo o anterior o GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PSOE presenta Ó Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

1º. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a **modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro**, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, eliminando do seu texto o disposto no **artigo 41, apartado e)**, no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.

2º. Dar traslado do presente acordo ós grupos políticos do Partido Popular, Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Alternativa Galega de Esquerdas e Bloque Nacionalista Galego, do Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ó acordado neste punto polo.

Xullo de 2014. Asdo. O/A Voceiro/a

INTERVENCIONS

Sr. Alcalde: indica que neste caso o goberno dicta unha lei que obriga as comisións de festas a facer un proxecto e remitilo a Subdelagación do Goberno, precisando un prazo de 1,5/2 meses.

Voceiro P.P.: Lembra que disto xa houbo debate; o único que se pide a maiores é algo que non estaba recollido: Seguro de responsabilidade civil, etc. Esta lei o que quere é incidir na seguridade. O resto xa se pedía antes desta lei.

Voceiro Grupo Mixto: Está dacordo co fondo da moción porque xa bastante traballo téñen unha comisión. Todas as festas teñen que facer o seu seguro de responsabilidade civil. Pero este proxectos, baseados na seguridade, si hai que facelos nalgún momento pode facelos o Concello e non as comisións de festas. O concello pode votar unha mán, é unha prestación de servizos os veciños.

O Alcalde sostén que non se pode defender o indefendible. O PP saca leis que non é capaz de desenvolver, senón que as deroga.

VOTACION E ACORDO:

7 a favor (6 PSOE e 1 BNG)

6 en contra (PP)

- Queda aprobada a moción.

4.-2. PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR.

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN POLO PLENO MUNICIPAL A SEGUINTE MOCIÓN PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 2 de xuño coñecemos a noticia da abdicación do xefe do Estado español, o rei Juan Carlos I, e a proposta de continuidade do anacrónico réxime monárquico que padecemos. A monarquía é un réxime incompatible cun sistema democrático, un réxime "vitalicio" e "hereditario" establecido "pola graza de Deus" e que supuxo, no caso español, a continuidade co franquismo. Por outra parte, existe nestes momentos unha fonda desafección a unha monarquía inmersa en escándalos de corrupción, con prácticas profundamente antidemocráticas e que deixan en evidencia o seu papel de simples vividores a custa da cidadanía.

Estamos a asistir a unha operación de cosmética para salvar o réxime, sabedor de estar sendo cuestionado pola inmensa maioría da poboación que non se identifica nin se sente representado pola familia real. Nesta conxuntura, ao BNG non lle vale unha simples mudanza de caras que dean continuidade ao réxime unitario e centralista deseñado na Transición e perpetúen a monarquía como símbolo e garante desa unidade. O que a cidadanía galega precisa é liberdade e capacidade para decidir. E nese espazo verdadeiramente democrático, onde se garanta o dereito de autodeterminación dos pobos, non ten cabida ningún rei. Por todo isto, xulgamos importante que se inicie un proceso consitutínte, baseado na soberanía dos pobos, onde Galiza sexa referente político.

Nos últimos anos asistimos a un proceso de recentralización política que mingua, aínda máis, a capacidade da Galiza para decidir sobre si propia, sobre os seus sectores produtivos, sobre o seu futuro. E isto, en medio dunha non menos profunda crise do sistema político español, que atinxe todas as institucións que o conforman, nomeadamente a monarquía. Foi esta mesma monarquía a que veu funcionando como principal elemento simbólico dun sistema político que nos nega como nación e que impide o noso libre desenvolvemento como pobo.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de SILLEDA a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado español o inicio dun proceso constituínte onde as nacións sexan o referente político, para garantir o dereito de autodeterminación dos pobos que conforman o Estado español recoñecendo o noso dereito a decidir.

Silleda, 4 de xuño de 2014.

Asdo. Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS

Voceiro do PP: Xa dixeron na Comisión que están en contra, que defenden a monarquía e que é compatible cun sistema democrático.

Alcalde: que o PSOE tamén vota en contra, que cando se abra un debate de verdade opinaremos.

Voceiro do Grupo Mixto: Entende que é un debate aberto en gran parte da sociedade, pero nin o PP nin o PSOE se atreveron a facer un referendun.

VOTACION E ACORDO:

1 a favor (1 BNG)

12 en contra (6 PP e 6 PSOE)

- Queda rexeitada a moción.

4.3.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA DO CONCELLO DE SILLEDA PARA ADOPTAR, DE MANEIRA INMEDIATA, UN "PLAN DE APOIO Á ALIMENTACIÓN INFANTIL".

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A longa crise económica que vimos padecendo, xunto cunha política descontrolada, por parte do Goberno de Rajoy, de recortes sociais e desmantelamento dos servizos públicos básicos e dereitos conquistados nos últimos anos, está a provocar o aumento dramático da pobreza no noso país.

Así o reflicte a Enquisa de Condicións de Vida correspondente a 2013 que publica o Instituto Nacional de Estatística, que indica que un de cada tres cidadáns (o 27,3%) está en risco de pobreza ou exclusión social. As cifras de privación material severa, de baixa intensidade de emprego nos fogares e de pobreza relativa, tamén empeoraron.

Pero o máis grave destes datos é que o risco de pobreza afecta sobre todo aos nenos e nenas. Un recente informe da organización Save The Children cifraba en case tres millóns (2.826.549) as nenas e nenos en situación de pobreza. Dende o Observatorio Social de España sinalan que o noso país encabeza a lista entre os que máis aumentou a pobreza infantil nos últimos anos. En España, a porcentaxe de nenos que viven en fogares con pobreza extrema, creceu máis de 4 puntos porcentuais desde que empezou a crise, a cifra máis alta de toda a UE, só por baixo de Romanía e Bulgaria.

Os efectos da pobreza infantil son altamente prexudiciais e relaciónanse con problemas de saúde na idade adulta. O impacto da mala nutrición ou a falla de estímulos educativos en idades temperás pode ter consecuencias de difícil e custoso arranxo, comprometendo non só o futuro deses nenos e nenas, senón o de todos, diminuindo a capacidade económica e produtiva do país.

Aínda que existe unha estreita relación entre a situación de pobreza dos nenos e o desemprego dos seus pais ou a perda de renda destes, as políticas públicas ben orientadas poden facer moito pola infancia para contrarrestar os efectos das devanditas situacións de pobreza. Como destaca o último informe da Oficina de Investigación de UNICEF sobre benestar infantil en países ricos, a experiencia acumulada e constatada di que aqueles países que en situacións de crise fixeron maior esforzo en medidas de apoio á infancia (protexer recursos educativos, sanitarios e sociais dirixidos aos nenos e as familias) saíron máis reforzados das mesmas.

A pobreza infantil fíxose máis intensa, aumentando a distancia entre as rendas dos pobres e o limiar da pobreza. Dito doutras formas, e tal como UNICEF Comité Español expuña xa en 2012, cada vez hai máis nenos e nenas pobres e cada vez son máis pobres. A propia Cruz Roxa, neste mesmo ano 2014, sinalou un aumento en 3.419 menores novos (o 5,8% máis) que a entidade atendeu este ano, e que elevan até 61.792 a cifra total de nenos asistidos pola organización.

A falta de ingresos nos fogares pola profundidade da crise xa está a provocar que moitas familias teñan que acabar recortando en necesidades básicas como a comida. O déficit alimentario afecta o desenvolvemento do menor, ademais de aumentar o risco de sufrir enfermidades respiratorias e cardiovasculares, así como de infeccións. A inseguridade do risco de pobreza ten xa de seu enormes consecuencias no presente e no potencial de desenvolvemento dos nenos, sementando un xerme de desigualdade que irá presentándose no futuro desenvolvemento cara á vida adulta.

Os servizos de comedores escolares permitiron mitigar esta realidade durante o curso escolar, pero atopámonos ante un final de curso incerto no que esta necesidade pode quedar desatendida ao pechar o centro escolar, e por tanto o servizo de comedor.

É por todo iso que os Socialistas consideramos que este servizo directo de atención no comedor debe manterse en etapas de vacacións escolares, mediante un Plan específico.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Silleda somete a votación a seguinte MOCIÓN para que se aproben os seguintes ACORDOS:

1. Instar ó Goberno Municipal a poñer en marcha, de maneira inmediata, un "Plan de Apoio á Alimentación Infantil" que conteña as medidas e recursos suficientes para garantir que as familias con menores ao seu cargo, que se atopen en situación de necesidade teñan cubertas as súas necesidades básicas de alimentación, e garantir o acceso dos menores, polo menos, a tres comidas diarias, e facilitar o acceso a unha dieta o máis equilibrada posible para evitar problemas de malnutrición infantil; habilitando para iso todos os medios a disposición das administracións públicas, en colaboración coas entidades do terceiro sector, e tendo en conta a contorna familiar e o plan escolar.

2. Instar ó Goberno Municipal a fin de que este plan inclúa os mecanismos e actuacións necesarias para que, dende a finalización do curso no mes de Xuño de 2014, estean dispoñibles servizos de comedor infantil nos centros escolares.

Xuño 2014.

Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista

INTERVENCIONS

Voceiro do PP: O seu grupo está dacordo.

Voceiro do Grupo Mixto: Está dacordo, que está ben o de instar o goberno municipal, xa que os comedores dependen do concello. Aquí é onde está a responsabilidade dos concellos, nos facemos caso da Feder, de Anpas de Galicia onde se pidía que houbese mecanismos para entregar estes xantares. A Xunta téñ que abrir estas cociñas e comedores escolares, os concellos teñen que facer a distribución.

VOTACION E ACORDO:

- Queda aprobada a moción por unanimidade.

4.4.- MOCIÓN QUE PRESENTA O BNG A PROL DOS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS

MÁTÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte MOCIÓN BNG A PROL DOS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro 28 de xuño é o Día Internacional polos dereitos das persoas lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais, un día que ten que servir para demandar unha maior atención sobre a necesidade de traballar contra a discriminación e de facer visíbel unha realidade plural que moitas veces non existe por ser invisibilizada social e politicamente. Cómpre, neste sentido, que a institución municipal desenvolva un labor neste sentido e planifique accións e actividades ao longo de todo o ano, o que non colide co feito de facer patente, de maneira moi especial arredor desta data, o compromiso das institucións públicas para coas reivindicacións da comunidade LGTBI.

Este mesmo ano, o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, unha lei que o BNG apoiou, comprometéndose a atondar nela e a vixilar o seu cumprimento. O BNG é consciente de que esta é unha cuestión a medio e longa prazo, unha cuestión que require un maior apoio social e institucional ao movemento LGBTI nun contexto de desigualdade e discriminación.

Por iso o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que, de xeito urgente, acometa a plena aplicación e desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, en particular:

a) Dotar o Servizo de apoio e mediación LGTBI, en particular a posta en marcha da liña de atención telefónica permanente ou calquera outra medida análoga para atender todos os casos de consulta, asesoramento ou denuncia de calquera tipo de agresión neste ámbito.

b) Estabelecer as medidas precisas para garantir que a consellaría competente en materia

de cultura impulse e apoie as producións culturais que inclúan a realidade LGTBI e potencie referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade

c) Implantar mecanismos efectivos de colaboración para garantir a implicación de todos os poderes públicos.

2. Colaborar coa Xunta de Galiza na aplicación efectiva da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza, así como coas asociacións, organizacións, colectivos e entidades, para garantir que a práctica deportiva e de actividade física en Galiza se desenvolva en termos de igualdade e sen ningunha discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

Asdo./ Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS

O Voceiro do PP: O seu grupo está dacordo.

O Alcalde: O seu grupo tamén está dacordo.

VOTACION E ACORDO:

- Queda aprobada a moción por unanimidade.

4.5.- MOCIÓN QUE PRESENTA O BNG PARA A MELLORA DA SINALIZACIÓN DE SILLEDA NAS ESTRADAS.

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte MOCIÓN PARA A MELLORA DA SINALIZACIÓN DE SILLEDA NAS ESTRADAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Silleda ten unha localización céntrica na xeografía galega, situándose a súa parte central aproximadamente nos cruzamentos das estradas estatais N-525 e N-640. en Chapa. de proximidade coa capital municipal, Silleda, e o segundo núcleo de poboación do Concello, a vila da Bandeira.

Historicamente tanto Silleda como A Bandeira foron referentes polos seus mercados. proba disto é o recinto da Feira Internacional de Galiza ou a subsistencia da Feira da Bandeira, e máis recentemente a afluencia constante de visitantes e turistas, especialmente aos dous lugares referentes da comarca do Deza a Fervenza do Toxa e o Mosteiro de Carboeiro.

Unha cuestión que ten sido demandada pola viciñanza do Trasdeza e polos numeros visitantes e transeúntes que chegan ao Concello de Silleda é a carencia de sinalización co topónimo Silleda. Referido ao termo municipal e á propia vila desde os cruzamentos das vilas limítrofes, ou ao pé das estradas, sobre todo as de titularidade estatal. a cal oriente a dirección da propia Silleda e aproxime a quilometraxe desde eses puntos á capital municipal. polo que a carencia de sinalética fai que Silleda estea desaparecida das estradas até ben pouco antes da chegada á vila, caso da N-525 tanto desde Santiago de Compostela como desde Ourense, onde só parece Silleda até uns 10 quilómetros antes. Ou a N-640 procedente de Caldas-A Estrada, onde só é visíbel a uns 20 km. Cuestión que si tivo maior consideración na sinalética da AP-53, ou as estradas provinciais

procedentes de Forcarei ou Vila de Cruces ou a autonómica proveniente do Candán, sen estaren exentas de proceder a unha revisión para melloralas.

Por isto o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Demandar do Ministerio de Fomento do goberno central do Estado español, titular das estradas estatais N-525 e N-640 a mellorar a sinalética en canto á ubicación de Silleda, facilitando que o nome da capital municipal e indicativo do termo municipal, sexa visíbel desde os cruzamentos máis relevantes, tanto desde as localidades limítrofes máis poboadas, Lalín e A Estrada, como mesmo antes destas para orientar a dirección da nosa localidade.*
- 2. Solicitar do Ministerio de Fomento, Xunta de Galiza e Deputación Provincial a sinalización dos puntos turísticos máis sobranceiros do Concello e do Deza, a Fervenza do Toxa e o Mosteiro de Carboeiro con paneis informativos situados na N-525, N-640 e Autoestrada AP-53, e resto de estradas da rede autonómica e provincial.*
- 3. Solicitar do resto de administracións titulares das estradas que comunican Trasdeza a mellora da sinalética que se refire a Silleda.*

Asdo./ Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS

Voceiro P.P.: por suposto que apoiamos a moción. Xa pasaron anos con esta historia e non hai maneira de resolvela. A ver si se consegue a solución... De acordo, insisto.

Sr. Alcalde: manifesta o seu total apoio, indicando que xa é un asunto que ven de atrás, de fai moitos anos, e que resulta incomprensible que non se resolvera por parte do Ministerio; as razóns que dan os seus técnicos son incomprensibles. Aí temos o caso tremendo dos carteis indicando Chapa, unha pequena aldea, e non aparece Silleda por ningunha parte. É un despropósito...

Voceiro do Grupo Mixto: Hai que comenzar pola AP-53, porque isto faise noutras autoestradas de España.

VOTACION E ACORDO:

- Queda aprobada a moción por unanimidade.

4.6.- MOCIÓN SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA. BNG.

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita a masacre dos últimos días, senón que a

política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse como un crime de lesa humanidade.

Centos e centos de cidadáns e cidadás galegos/as e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa raiba e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentario de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un Estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra.

Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e exixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU que este país incumpe impunemente. Como galegas e galegos non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice que consente esta agresión militar contra o pobo de Palestina do Goberno español e da UE porque esta é a hora de expresar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Silleda condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.
2. O Concello de Silleda solicita a finalización do bloqueio contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.
3. O Concello de Silleda apoia o boicote diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade e internacional e non respete os dereitos do pobo palestino.
4. O Concello de Silleda solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e exixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.
5. O Concello de Silleda apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.

6. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.
Asdo. Matías Rodríguez da Torre.

VOTACION E ACORDO:

- Queda aprobada a moción por unanimidade.

4.7.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE SILLEDA, SOBRE A DEFENSA DOS REXISTROS CIVÍS E EN CONTRA DA PRIVATIZACIÓN DO SERVIZO

*De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno que preside Mariano Rajoy vén de aprobar no Consello de Ministros do pasado venres día 4 de xullo o "Real Decreto Ley 8/2014 de Aprobación de Medidas Urgentes para el Crecimiento, la Competitividad y la Eficiencia", o cal xa foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE) ao día seguinte. Este Real Decreto, entre outras medidas de interese como a regulación dos horarios e a apertura nos comercios, os límites as taxas nos pagos en comercios con tarxetas de crédito, a privatización de AENA e as tarifas aeroportuarias, a liberación dos prezos enerxéticos, a regulación dos drones, etc. tamén regula a competencia do Rexistro Civil, que pasará a ser responsabilidade dos rexistradores que teñan ao seu cargo as oficinas do Rexistro Mercantil.

Ata o de agora a expedición de certificacións rexistrais realizábanse na súa maioría de maneira directa nas dependencias dos Rexistros Civís ou nos Xulgados de Paz nas propias localidades, é dicir o servizo prestábase de xeito directo e inmediato (agás aquelas que precisaban ser apostiladas polo Tribunal Superior de Xustiza, ou aquelas outras que se estendían sobre documentos doutros países).

Ademais o Real Decreto 8/2014 establece na súa Disposición adicional décimo novena sobre a Prórroga da entrada en vigor da Ley 20/2011, que regula o Rexistro Civil, que a data límite para a aplicación do disposto será o día 15 de xullo de 2015. Polo que tras a decisión por parte do goberno de Mariano Rajoy de entregarlle o Rexistro Civil aos Rexistradores Mercantís supón que os nosos veciños terán que desprazarse a unha cidade na que exista Rexistro Mercantil para realizar os trámites relativos aos expedientes rexistrais ou outra certificación que precisen, o cal ocasionará outro trastorno e dificultade a maiores para os e as cidadáns, aos que cada día se lle infrinxen máis castigos por parte do goberno do Partido Popular poñéndolle constantes trabas e obstáculos para poder achegarse á administración. Está claro que o Goberno de presidente Rajoy e o ministro Gallardón con esta modificación só conseguen afastar un servizo público da sociedade e crearlle un custe adicional aos cidadáns.

Este é un paso para a privatización do Rexistro Civil, posto que os Rexistradores Mercantís, a pesares de ser funcionarios públicos do estado, actúan como empresas privadas, xa que os seus ingresos non proceden dos Presupostos Xerais do Estado, senón dos aranceis que lle cobran aos seus clientes, e polo tanto son a todos os efectos empresas privadas que ademais actúan como tales. A Disposición Adicional vixésimo segunda di que se creará unha "Corporación de Derecho Público", a encargada da

contratación, xestión, mantemento, conservación e actualización do sistema informático que xestionará e almacenará os datos de todas as oficinas do Rexistro Civil. Esta "Corporación de Derecho Público" terá personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins, e estará formada polos rexistradores que en cada momento resulten responsables da levanza dos Rexistros Cívís e Mercantís. Polo que, os datos de millóns de persoas se poñerán en mans de empresas privadas que se encargarán de xestionalos e custodialos.

A este entorpecemento e privatización do servizo hai que engadir os miles de postos de traballo que se destruírán, xa que os sindicatos denuncian a incerteza dos 2.500 funcionarios que traballan nos Rexistros Cívís de toda España, aos que hai que sumar o risco de perda do emprego para outros 2.500 interinos que traballan nos xulgados e tribunais.

En definitiva, o Real Decreto 8/2014 supón a defunción do servizo público Queera o Rexistro Civil de tal xeito que, a partir de agora, un acto como a inscrición dun nacemento, unha defunción, un matrimonio, unha separación, un divorcio ou cambiar o nome e os apelidos vai a significar un novo atranco para a cidadanía por culpa dun goberno que só pretende destruír e rematar co servizo público da xustiza. Porque a esta decisión hai que sumarlle as desgraciadas medidas da Lei de Taxas e os recortes na Xustiza Gratuíta coa cal se impedía o acceso a centos de miles de persoas ao sistema xudicial, ademais de crear unha desigualdade ao convertela nunha xustiza para ricos. E posteriormente coa Lei Orgánica do Poder Xudicial que definitivamente arrasará coa xustiza de proximidade.

Pero o peor de todo é que esta modificación dos Rexistros Cívís se agache nun Real Decreto Lei de 170 páxinas, no que se abordan cuestións que afectan a oito ministerios, e que a parte sobre a privatización dos Rexistros apareza tan unicamente en seis disposicións adicionais e unha final, y só en seis parágrafos da exposición de motivos que ten una extensión de 30 páxinas; ademais de orixinar as protestas, non só dos grupos políticos da oposición, senón tamén de sindicatos, colectivos de xuíces e secretarios xudiciais e incluso do propio Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís porque foi imposto sen ningún de diálogo nin negociación.

Por todo o anteriormente exposto é polo que

SOLICITAMOS

1. Instar ao Goberno de España a que elimine as Disposicións Adicionais décimo novena, vixésima, vixésimo primeira, vixésimo segunda, vixésimo terceira, vixésimo cuarta e a Disposición Final 8 do "Real Decreto Ley 8/2014 de Aprobación de Medidas Urgentes para el Crecimiento, la Competitividad y la Eficiencia" pola que se modifica a Lei 20/2011, de 21 de xullo, do Rexistro Civil.

2. Dar traslado do presente acordo a todos os grupos con representación no Congreso dos Deputados.

En Silleda, a 24 de Xullo de 2014.

Voceiro do Grupo Municipal Socialista

INTERVENCIONS

Voceiro do Grupo Mixto: Non ve normal a Gallardón "como ser humano", pero tampouco a hipocresía na política. O PSOE de Silleda creará nisto, pero non no resto das provatizacións que fai o PP.

VOTACION E ACORDO:

- Queda aprobada a moción por unanimidade.
-

- MOCIONS DE URXENCIA.

Previa declaración de urxencia, por unanimidade, se tramitan as dúas mocions seguintes:

4.8.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR.

Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 140 da Constitución establece: "A Constitución garante a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena. O seu goberno e administración correspóndelles ós seus respectivos concellos, integrados polos alcaldes e maillos concelleiros. Os concelleiros serán elixidos polos veciños do municipio mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, na forma establecida pola lei. Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños. A lei regulará as condicións nas que proceda o réxime de concello aberto."

É dicir, a Constitución contempla a posibilidade de que os alcaldes sexan elixidos directamente polos veciños. É mais, en 1978 o goberno de Adolfo Suárez presentou un proxecto de lei de Eleccións Locais que prevía a designación automática como alcalde do cabeza de lista da candidatura máis votada. Polo tanto, non só establecía un sistema de elección directa, senón que a lista que contase cun maior respaldo cidadán debía asumir a responsabilidade do goberno municipal.

Aínda que esta previsión normativa non resultou aprobada, o certo é que en varios países do noso contorno, como Francia e Portugal contéplase a designación como alcalde da persoa que encabece a lista máis votada.

Asimesmo, durante o actual período constitucional houbo varias propostas ou plantexamentos programáticos de reforma do marco electoral. Así, en 1998 o grupo parlamentario socialista plantexou unha proposición de lei orgánica que tiña por obxecto modificar a elección dos alcaldes.

Na Exposición de Motivos da citada norma dicíase: En definitiva, las razones que justifican la elección directa del Alcalde por todos los electores son de naturaleza política, es decir, son razones fundadas en la búsqueda de una mejor gobernabilidad, de una mayor identificación del Alcalde con los electores y, en fin, de un reforzamiento del Ayuntamiento como institución destinada a proporcionar servicios a los ciudadanos."

No articulado desta proposición de lei recollíase a elección en segunda volta (se algún candidato non obtén a maioría absoluta dos votos válidos) do candidato con maior número de votos:

"Artículo 196. 1. En los municipios con población superior a 250 residentes el Alcalde será elegido por todos los electores de forma simultánea a los Concejales.

2. El candidato que obtenga la mitad más uno de los votos válidos emitidos será proclamado Alcalde conforme al procedimiento establecido en esta Ley.

3. Si ningún candidato obtuviera la mitad más uno de los votos válidos emitidos se celebrará una segunda votación el decimocuarto día posterior a la primera votación. Sólo podrán concurrir a la segunda vuelta los candidatos que hubieran obtenido al menos el 15% de votos válidos.

4. En la segunda vuelta será proclamado Alcalde el candidato que obtenga mayor número de votos válidos".

Sen embargo, cando o Congreso dos Deputados foi disolto esta iniciativa lexislativa caducou.

Máis adiante, no programa electoral con que o PSOE concorreu ás Eleccións Xerais de 2004, volveu plantexar a elección directa nestes termos: "Elección directa de los Alcaldes, en votación diferente pero simultánea a la de los concejales, en un sistema de doble vuelta que refuerce la gobernabilidad de los Ayuntamientos". Porén, esta proposta, como tantas outras do goberno Zapatero, foi incumplida.

Ao inicio de cada lexislatura no ámbito local, hai grupos municipais que se ven compelidos por decisións tomadas dende as súas cúpulas orgánicas a apoiar a investidura dun integrante da segunda forza política máis votada, con tal de evitar que o partido que obtén unha ampla maioría dos votos non acceda á alcaldía. Nestes casos, non se están formando maiorías de goberno, senón únicamente "maiorías de bloqueo" á vontade do pobo expresado nas urnas. Dende o PP non estamos en contra das coalicións electorais, pero por transparencia e xogo limpo, estas deberían exporse con carácter previo ás eleccións, para que os cidadáns saiban de antemán que votan e a quen.

Outras forzas políticas, sen embargo, nos seus procesos electorais internos permiten o goberno da lista máis votada, pero opóñense a que este principio se aplique ao resto dos cidadáns.

Por outra parte, no programa electoral con o PP concorreu ás eleccións Xerais de 2011, e nas que contou cun notable apoio cidadán, xa se di que: "Promoveremos la reforma del sistema electoral municipal para respetar la voluntad mayoritaria de los vecinos garantizando, al mismo tiempo, la estabilidad de los ayuntamientos."

Polo tanto, dende este grupo municipal consideramos que debe reforzarse a lexitimidade democrática e representativa dos alcaldes, polo que elevamos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Manifestar a vontade desta Corporación Municipal de que se adopten as medidas legais oportunas que garantan o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns, de tal xeito que a lista máis votada nas Eleccións Locais exerza a alcaldía.

Fdo. José Luis Espiño Espantoso. Voceiro Grupo Municipal Popular

INTERVENCIÓNS:

Voceiro do Grupo Mixto: Comenta que discrepa disto, que o considera unha proposta de atraco e sen miras de presenza democrática. Un Alcalde pode selo sin a maioría absoluta. Feijoo está gobernando co 40% dos votos, non co 51%. A lei de Hont xa permite a maioría simple ou absoluta. Hai que discutir que o pobo teña mais participación no goberno (mais competencias no pleno, publicación inmediata das xuntas de goberno local, transparencia na contratación, etc). O PP quere obstaculizar a pluralidade democrática e favorecer o bipartidismo de PP e PSOE. Cada vez danse mais competencias ós Alcaldes. Que haxa confluencia entre partidos é democrático, e mais se superan o 50%. O que vos porpoñedes é que governe aquel que saque o 20% dos votos, por exemplo. Hai que tirar por fórmulas que dea a democracia real á cidadanía.

O Alcalde refire que non está en desacordo en que se abra este debate, pero a moción é oportunista. Vale que o PSOE o propuxo en 1998, cando estaba gobernando José M^a Aznar, pero claro agora ó PP interésalle.. ¿Por qué non se contempla unha segunda volta? Hai que abrir un debate sousegado.

O Voceiro do PP: Non sei si falades de oportunismo. Non sei si tedes medo de que o PP vaia gañar en mais concellos. Pois que se presenten partidos en coalición. Non é normal que o BNG cos votos que tivo poidese chegar a Alcaldía de Silleda.

O Voceiro do Grupo Mixto: Aquí o que se fai é un control numérico. Teríase que tartar un catálogo básico, por exemplo na privatización de servizos para que a cidadanía vote si ou non.

VOTACION E ACORDO:

6 a favor (6 PP)

7 en contra (6 PSOE e 1 BNG)

- Queda rexeitada a moción.

4.9.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO DO BNG. PARA A RESTITUCIÓN DOS CONSELLOS PARROQUIAIS ELECTOS EN CUMPRIMENTO DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE SILLEDA

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte MOCIÓN PARA A RESTITUCIÓN DOS CONSELLOS PARROQUIAIS ELECTOS EN CUMPRIMENTO DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE SILLEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Silleda aprobou no inverno de 2011 un Regulamento de Participación Cidadá que supoñía un fito democrático para acadar unha democracia real en Trasdeza e tentar romper de vez coas ataduras de submisión política, partidaria e caciquil a

alcaldes e organizacións políticas gobernantes, polo que, entre outras cousas, daba maior representación e fomentaba a participación ás parroquias, ao establecer no título IV, capítulo I do Regulamento antedito, a posibilidade de elixir Consellos Parroquiais, que segundo os artigos 29, 30, se definían como órganos desconcentrados de participación, consulta, información, control e propostas da xestión municipal, carentes de personalidade xurídica propia, que permiten e impulsan a nivel parroquial a participación dos veciños e veciñas, colectivos e entidades, polo que se propoñía a constitución dun consello parroquial en cada unha das parroquias rurais de Silleda. Alén disto, deixábase a composición dos mesmos en: Presidente, Vicepresidente e até un máximo de cinco vogais, amais de representantes das entidades de participación cidadá legalmente constituídas, inscritas do Rexistro municipal, que teñan como único ámbito de actuación a parroquia.

O Artigo 31 referido á elección de membros, que daba conta da metodoloxía de elección e duración de cargos e fora completado por uns criterios que serviron de normas aprobados en Xunta de Goberno Local para rexer as eleccións a Consellos Parroquiais desenvolvidas legal e democraticamente a principios de 2013 en case todas as parroquias do noso Concello, foi modificado a finais de 2013 para controlar desde o Concello a constitución dos Consellos Parroquiais, ao pór un límite mínimo de participación nun 20% para que a parroquia puidese escoller democraticamente e por vontade popular os seus representantes.

Hai uns días coñecemos como o Alcalde de Silleda procedeu á escoller "a dedo" unha serie de "Delegad@s parroquiais" prescindido do aprobado inicialmente no Regulamento e facendo caso só en parte do modificado a proposta del mesmo con posterioridade, sen tampouco facer caso da posibilidade de acudir ás asociacións veciñais daquelas parroquias onde non se superara o umbral do 20%, co que deste xeito non se quebraba coa segunda posibilidade exposta, a cal sempre tiña visos de ser máis democrática cá designación persoal e partidaria feita polo Alcalde.

Con todo, houbo en parroquias onde os resultados da participación veciñal nas votacións en 2013 foi superior á barreira institucional do 20% marcada a posteriori polo goberno do PSOE, caso de: Pazos, Saídres e Xestoso, onde a participación foi respectivamente do 27%, 29% e 36.5%, saíndo daquelas, tal como estaba aprobado polos órganos de direccións e soberanos do Concello de Silleda, Consellos Parroquiais formados por unha representación plural, acorde co espírito democrático da proposta institucional, polo que:

En Pazos, elixírase a Ana Rosa Cornado Molina e Antonio Fuentes Gómez

En Saídres, foran electos José Valladares, María Carmen Temes e Carme Fidalgo

En Xestoso, a votación dera como gañadores a Victorino Miguez Salgueiro e Arsenio Miguez Pereira

Parroquias que logo da designación feita pola Alcaldía recentemente quedan sen a representación democrática veciñal, a cal se ampara nos artigos 30 e 31 do Regulamento de Participación Cidadá aprobado polo Concello e publicado no BOP, que recolle que o Consello Parroquial é o representante da Parroquia e terá Presidente, Vicepresidente, nomeados polo Alcalde a proposta da Asemblea Parroquial e vogais, elixidos pola Asemblea Parroquial e as entidades.

Após toda esta argumentación na exposición de motivos queda claro que desde a Alcaldía de Silleda e o seu goberno municipal se incurriu nunha infracción ao decidir unha escalla individual izada que deixa de garantir o sufraxio directo realizado pola veciñanza hai pouco máis dun ano e a pluralidade dos Consellos.

Por isto o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. A restitución dos Consellos Parroquiais electos en 2013 en Pazos (18 de febreiro), Saidres (22 de febreiro) e Xestoso (14 de marzo), con todas aquelas persoas votadas de xeito aberto, plural e democrático para seren representantes directos da parroquia perante o Concello de Silleda, os cales superaron o umbral do 20% marcado na modificación última do Regulamento de Participación Cidadá, e polo tanto están lexitimados polo ordenamento legal vixente e a votade popular.

2. A substitución d@s "Delegad@s" designados por decisión unipersonal do Alcalde polas entidades legalmente constituídas na parroquia, no caso onde a existencia de colectivos legalmente constituídos así o permitise.

Asdo. Matías Rodríguez da Torre.

INTERVENCIÓNS:

O Alcalde cédelle a palabra a Concelleira M^a del Pilar Peón que dí: Vostede elaborou un regulamento que en realidade era un galimatías doutro concello. Os consellos parroquiais teñen que ter un mínimo de tres persoas. En Pazos e Xestoso non hai tres persoas.

O Voceiro do Grupo Mixto: ¿E logo non hai asociacións?

Continua a concelleira M^a del Pilar Peón dicindo que a maioría dos delegados que están hoxe son representantes das asociacións. Vostede trae cada dous plenos este regulamento. Non hai nada mais democrático que escoller o teu alcalde e os edís, por tanto é democrática a designación do alcalde.

O Voceiro do PP: O regulamento está para cumpli-lo.

O Alcalde dí que hai dúas parroquias que non cumpren, Non se pode obrigar a ninguén. Moitos representantes foron designados polas propias Asociacións como Cortegada ou Vilar, por exemplo.

O Concelleiro M^a del Pilar Peón replica que Matías foi incapaz en dous anos de levar a cabo este regulamento, que tivo que someterse a cambios para ser funcional.

O Voceiro do Grupo Mixto: Eu xa dixen no seu momento que este regulamento baseábase no da Estrada. Que o artigo 30 dí que pode haber ata un máximo de 5 representantes como vocais, é dicir, pode haber cero vocais. Entón Pazos e Xestoso si poderían ter os consellos que escolleron os veciños.

O Alcalde contesta que pedirase un informe ó Secretario para que aclara se é de 0 a 5 e non ter problemas en aceptar as persoas de esas 3 parroquias.

O Voceiro do Grupo Mixto: Se as asociacións renuncian a representar ós veciños o que hai que facer é unha proposta oficial.

VOTACION E ACORDO:

6 en contra (6 PSOE)

7 a favor (6 PP e 1 BNG)

- Queda aprobada a moción.

Rogos e Preguntas do Pleno Ordinario do 31 de xullo de 2014

Partido Popular:

-Sobre o Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Preguntan se non é preceptivo o Informe de Intervención para adxudicar o servizo e piden que se presente informe por se ao figurar nos pregos de condicións que o contrato é prorrogable por un ano, se supera o 10% dos recursos ordinarios do Concello , polo que sería un tema que debería de volver ao Pleno. Preguntan tamén se houbo reunión cos sindicatos sobre este tema.

-Sobre os concursos para a adxudicación da xestión das depuradoras e recollida de lixo preguntan se non son preceptivos os informes de Intervención.

-Se o proxecto para a reforma da praza da Feira da Bandeira con lonas está enmarcado na subvención para mercados tradicionais.

-Sobre o cierre da prolongación da rúa Pontevedra. Preguntan se o propietario de enfrente no caso de que se abra a rúa ten que retranquear igual dos dous lados.

Rogos e preguntas do BNG:

-Sobre o SAF, pregunta se se vai privatizar ao 100% o servizo e qué se vai facer co personal municipal que traballa neste.

-Se vai haber orzamentos municipais

-Pregunta pola subvención solicitada para normalización lingüística por importe de 3.000 euros

-Pregunta por unha sanción imposta por Augas de Galicia por importe de 500 euros.

-Pregunta polo pago de salarios a Lino Doporto, que función ten este arquitecto e cómo se reorganiza do servizo de Urbanismo

-Sobre o equipamento para o auditorio da Bandeira. O concelleiro do BNG di que xa veu nos decretos nos que constan as xestións para dotar de mobiliario o centro e pregunta como vai o tema.

O alcalde avanza que lamentablemente onte día 30 de xullo foi denegada a subvención para dito equipamento

-Pregunta polo estudo de costes das depuradoras e porque non se fixou nos pregos para contratar a xestión do servizo un tope de gasto. Roga que se coloquen flechas indicativas do Camiño de Santiago no casco urbano porque a veces os peregrinos se perden.

-Roga que se vixile o depósito de bolsas de lixo nas papeleiras da rúa Emilio Alonso Paz.

-Roga que se revise o parque infantil da praza da Feira Vella, que se atopa en mal estado.

-Pregunta se se van limpar contenedores de lixo e cómo está a situación do servizo e recollida. Pregunta tamén se se fixo un estudo para ver posibles alternativas a Sogama.

-Roga que se limpe o entorno da Fervenza do Toxa, que está en moi mal estado

- Pide que se solicite á Deputación de Pontevedra a limpeza e desbroce de cunetas en vías da súa titularidade

-Pregunta ao alcalde se tiña coñecemento sobre a obra da casa dun axente da Policía Local sen licenza de obra.

INCISO: O Sr. Alcalde indica que hai unha familia que está a sufrir o problema dun familiar desaparecido, que hai un dispositivo montado de búsqueda, polo que ten que ausentarse de inmediato, e nesta ocasión as preguntas serán contestadas no vindeiro pleno ou por escrito.

Non habendo máis asuntos que tratar conclúe a sesión as 2150 horas do día 31 de Xullo de 2014. Do que, como Secretario, **DOU FE.**




